



O domingo 19 de xuño celébrase a VI Carreira Popular Concello de Carballo, que sairá dende a Rúa Gran Vía á altura da Praza do Concello a partir das 11.00 horas, con un percorrido que discorre segundo o plano que se xunta.

A celebración de probas desta importancia non sería posible sen a COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN CIDADÁ, ademais do traballo dos servizos de seguridade e emerxencia, organizadores e voluntarios. Queremos agradecer a súa COMPRENSIÓN E COLABORACIÓN, ao tempo que o invitamos a asistir e disfrutar deste espectáculo deportivo.

O Concello de Carballo con fin de causar os mínimos inconvenientes á cidadanía elaborou un dispositivo de mobilidade que a grandes rasgos establece:

* Rúas que permanecerán pechadas á circulación a motor, dende as 10.45 ata as 13.30 horas (o resto de horas estarán abertas ao tráfico):

Rúa Gran Vía dende rúa Sol ata Glorieta da Gran Vía, rúa, Vázquez de Parga dende rúa Portugal ata Camiño Novo, Camiño Novo, Anxel Fole, Enrique Sánchez, rúa Perú e rúa Luís Calvo, rúa Castelao, rúa Alexandre Boveda, Avda. Fisterra ata rúa Fomento, Río Anllóns, Río Sil, Río Lérez, Río Miño, Fomento, Praza de Galicia, Camiño Novo, Valle Inclán e rúa Colón.

Rúas que compartirán tráfico e corredores: Vázquez Parga dende Gran Vía ata rúa Emilia Pardo Bazán.

Recoméndase a todos os cidadáns que a poder ser usen a estrada de circunvalación.

Solicítase a todos os veciños que teñan garaxe nestas rúas os retiren antes da hora de comenzo da proba

Alternativas a entrar e saír da cidade

- Dende A Coruña a Santiago ou Ordes e Fisterra, na entrada de Carballo á altura do Bar Caracola, xirar á esquerda para coller Avda. de Bergantiños, Vila de Corcubion e Vila de Negreira, logo todo recto ata Avda da Milagrosa.


- Dende A Coruña a Malpica ou Fisterra, aconséllase circular pola circunvalación, non obstante habilitarase un so carril de circulación pola ruta habitual. (Vazquez Parga, Emilio Pardo Bazan e Ponte da Pedra)

Dende Fisterre, Santiago ou Ordes a Coruña, coller Rúa Milagrosa, Vila Negreira, Avda Bergantiños saluda a C-552 altura Caracola

Dende Malpica a Coruña, recomendase usar a circunvalación, si ben podese usar a ruta habitual, habilitarase un carril para a circulación

- Achéganse documentos sobre a mobilidade nas distintas zonas da cidade.

O Concello asegurou onte que, durante esas horas, a Policía Local estará especialmente atenta á fluidez do tráfico, xa que, de ser necesario, adoptaranse medidas complementarias para evitar sobrecargas en certas vías da zona, por iso está montado un dispositivo de 23 axentes policiais para velar polo bo funcionamento da proba.



SAÍDA DIRECCIÓN:
A CORUÑA

SAÍDA DIRECCIÓN:
MALPICA - CORISTANCO

--- RÚAS PECHADAS A CIRCULACIÓN A MOTOR DENDE 10:45 ATA 13:30
ZONAS SEN ACCESO A MOTOR DENDE 10.45ATA 12.05
ALTERNATIVAS DE ENTRADA E SAÍDA DA VILA

SAÍDA DIRECCIÓN:
CORISTANCO - FISTERRA

SAÍDA DIRECCIÓN:
SANTIAGO DE COMPOSTELA